



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE.-

No Salón de Sesiões do Centro Sociocultural do Concello de Barreiros, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia da Alcaldesa Ana Belén Ermida Igrexas, e coa asistencia das/os Concelleiras/os, Antonio Veiga Outeiro, Montserrat Porteiro Sanchez, Dámaso Ratoeira Basanta, Daniel García Fernández, María Carmen Veiga Rodríguez, Jose Alfonso Fuente Parga, José Manuel Gómez Puente, Lorenzo Penabad Bolaño e María del Mar Sante García, excusando a súa ausencia o concelleiro Alvaro Daniel Navia Ferreyra, constituíuse o Pleno da Corporación, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, actuando como Secretaria, Dona Begoña Teijeiro Campo, que comproba a existencia de quórum de asistencia precisa para que poida iniciarse a sesión, que é pública, e se abre pola Presidencia, quen, inicia o desenvolvemento dos asuntos que conforman a orde do día, que son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta do pleno extraordinario do 15 de xuño.**
- 2.- Dar conta das Resolucións de alcaldía e das Xuntas de Goberno Local aprobadas a partir do 15 de xuño de 2020 (poden consultarse nos libros correspondente no Gestiona).**
- 3.- Dar conta da rectificación de erros aprobada pola Xunta de Goberno Local en relación coa solicitude do Plan Concertado de Servizos Sociais para o ano 2020.**
- 4.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2019.**
- 5.- Aprobación do orzamento para o exercicio 2020.**
- 6.- Designación de Xuíz de Paz e Xuíz de Paz sustituto.**
- 7.- Mocións de urxencia.**
- 8.- Rogos e preguntas.**

1.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 15 DE XUÑO.

A alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á Acta da sesión anterior, que se facilitou coa convocatoria.

Procédese á votación de carácter ordinario verbo da aprobación da acta, resultando aprobada por unanimidade.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL APROBADAS A PARTIR DO 15 DE XUÑO DE 2020.

Dase conta de todas as Resolucións e Xuntas de Goberno Local que se aprobaron a partir do 15 de xuño de 2020 e ás que os concelleiros poden acceder a través do Gestiona de forma directa.

3.- DAR CONTA DA RECTIFICACIÓN DE ERROS APROBADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2020.





Dase conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño que dí o seguinte:

“6.- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO ACORDO DE SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO 2020.

O pasado día 15 de xuño o pleno municipal acordou solicitar á Consellería de Política Social unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2020.

Sin embargo, dous días despois, no departamento de servizos sociais detectaron un erro nas contías incluídas en dito acordo, explicando á alcaldía, á concelleira do departamento de servizos sociais e á intervención a causa do erro, considerándose que o mesmo se debeu a un erro material ó introducir os datos na aplicación informática correspondente.

Considérase necesario rectificar dito erro, xa que o mesmo implicaba solicitar unha contía menor da que se estima necesaria para o funcionamento do servizo e polo tanto, para poder remitir a información correcta en prazo, propónse que sexa a Xunta de Goberno Local a que tome este acordo e se dea conta ós membros do pleno no prazo máis breve posible.

Por todo isto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2020.

O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral recollido no anexo V da documentación remitida, é de 643.464,67 €, co seguinte detalle:

Persoal: 47.989,30 €.

Mantemento: 640 €

Axuda no Fogar:

 Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 31.623,22 €

 Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 413.531,65 €

Xestión de programas (Escola Infantil): 149.680,50 €

Segundo.- Facer constar que os Servizos Sociais Comunitarios deste Concello, seguen a prestarse con continuidade.

Terceiro.- Manifestar o compromiso deste Concello de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2020 na contía de 224.283,64 € que supón unha porcentaxe do 25,85 % sobre o orzamento total do proxecto (867.748,31 €), excluídas outras achegas autonómicas.”

4.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019.





Dase conta da Resolución de alcaldía de aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2019 co seguinte contido:

“Visto o informe realizado pola secretaria-interventora, Begoña Teijeiro Campo, o 27 de febreiro de 2020 sobre a liquidación do orzamento do exercicio 2019, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio 2019 de acordo cos seguintes resultados:

A) Dereitos pendentes de cobro e Obrigas pendentes de pago a 31 de decembro:

Practicase a súa determinación conforme ó disposto no artigo 193 bis do TRLRFL.

Os Ingresos pendentes de cobro minoranse na contía daqueles dereitos que a fin de exercizo sexan de difícil ou imposible recadación, os denominados “dereitos de dudoso cobro”, de acordo coas novas directrices aprobadas na lei de racionalización e sostenibilidade da administración local.

a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, serían nun 25% de dudoso cobro. Polo tanto, os dereitos pendentes de cobro dos exercicios 2017 e 2018 ascenden a 345.183,24 €, dos que un 25% serían 86.295,81

b) Os liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ó que corresponde a liquidación, considéranse de dudoso cobro nun 50%. Os dereitos pendentes de cobro do exercicio 2016 ascenden a 113.566,70 €, dos que un 50% serían 56.783,35 €.

c) Os liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ó que corresponde a liquidación, serían de dudoso cobro nun 75%. Os dereitos pendentes de cobro dos exercicios 2014 e 2015 ascenden a 81.041,26 €, dos que un 75% serían 60.780,95 €

d) Os dos restantes exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraránse nun 100 por cen, o que suporía unha cantidade de 418.775,78 € de dereitos de dudoso cobro.

Polo tanto o importe destes dereitos de dudoso cobro que se recollen na liquidación do presuposto do 2019 ascenden a **622.635,89 €.**

En calquera caso, a consideración dun dereito como de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

B) Resultado orzamentario do exercicio:

Pretende revelar en qué medida os ingresos correntes foron suficientes para financiar as obrigas recoñecidas no exercicio. Como a simple diferenza entre dereitos e obrigas non ofrece exactamente ese dato, débese axustar efectuando os cálculos relativos ás desviacións de financiación nos proxectos de gastos con financiación afectada así como as obrigas recoñecidas con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Expresión	Dereitos recoñecidos netos (C1)	Obrigas recoñecidas netas (C2)	Resultado Orzamentario (C3)
- Operacións correntes	3.854.864,92	3.492.924,72	
- Outras operacións non	462.088,35	595.007,74	





financieiras			
1. Total operacións non financieiras (a+b)	4.316.953,27	4.087.932,46	208.691,54
2. Activos financeiros			
3. Pasivos financeiros	569,98	347.122,20	
Resultado Orzamentario do exercicio (C1-C2)	4.317523,25	4.435.054,66	-117.531,41
Axustes:			
(+) Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos xerais	446.506,11		
(-) Desviacións positivas de financiación		-361.495,12	
(+) Desviacións negativas de financiación			
(=) Resultado orzamentario axustado			-32.520,42

Os axustes refírense ós gastos incorporados ó orzamento do exercicio 2019 que son ingresos que se recoñeceron no exercicio 2018 pero o gasto fíxose no 2019 e polo tanto serían uns maiores ingresos e o segundo axuste refírese ás desviacións positivas (ingresos que se recoñeceron no ano 2019 pero que se van facer no ano 2020 e polo tanto serían uns menores ingresos).

C) Remanente de tesorería:

Os fondos líquidos de tesorería están debidamente acreditados mediante a correspondente acta de arqueo xustificada cas certificacións de saldos bancarios a 31/12, por importe de **728.158,38 €**.

O remanente de tesorería resulta negativo:

EXPRESIÓN	EUROS
1.- (+) FONDOS LÍQUIDOS	728.051,59
2.- (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	1.895.009,82
De Orzamento Corrente	780.261,52
De Orzamentos pechados	958.566,98
De operacións non orzamentarias	156.181,32
Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	
3.- (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	1.425.831,25
De Orzamento corrente	178.726,90
De Orzamentos pechados	
De operacións non orzamentarias	1.247.104,35
Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	
I.- Remanente de tesorería total (1+2-3)	1.197.230,16
(-) Saldo de dudoso cobro	622.635,89
(-) Exceso de financiación afectada	361.495,12
II.- Remanente de tesorería para gastos xerais	213.099,15
III.- Saldo de obrigas pendentes de aplicar ó orzamento a final do período (conta 413)	790.018,20
IV.- Remanente de tesorería para gastos xerais axustado	-576.919,05

D) Estabilidade Orzamentaria:





		Dereitos recoñecidos netos	Axustes*	Ingresos
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.467.616,36	-70.241,52	1.397.374,84
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	75.091,67	-12.848,44	62.243,23
3	TAXAS E PREZOS PUBLICOS	1.057.280,03	-2.440,45	1.054.839,58
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.248.347,37		1.248.347,37
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	6.529,49		6.529,49
6	ENAXENACIÓN INVERSIÓN REAIS			
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	462.088,35		462.088,35
		4.317.523,25	-85.530,41	4.231.992,84

*En Capítulos 1, 2 y 3 axustanse os ingresos en base á recaudación neta de correntes e pechados.

		Obrigas recoñecidas netas	Axustes*	Gastos
1	GASTOS DE PERSOAL	1.859.473,31		1.859.473,31
2	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	1.560.838,28	+158.567,77	1.719.406,05
3	GASTOS FINANCIEROS	33.224,05		33.224,05
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	39.389,08		39.389,08
6	INVERSIÓN REAIS	595.007,74	+91.435,07	686.442,81
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
		4.087.932,46	+250.002,84	4.337.935,3

*En Capítulo 2 axustanse os gastos á alza pola conta 413, que tivo 659.044,01 € en gastos correntes e 130.974,19 € en gastos de capital, que son gastos de 2019 que non se puideron aprobar por falta de crédito ós que hai que restar os que xa se tiveron en conta na liquidación do 2018 e que se incorporaron ó orzamento do 2019: 500.476,24 € de gastos correntes e 39.539,12 € de gastos de capital. O resultado final deste axuste sería: 158.567,77 € de gastos correntes e 91.435,07 € de gastos de capital.

Polo tanto prodúcese un **resultado negativo de 105.942,46 €**, e habería que facer fronte ás gastos financeiros de 347.122,20 €, sendo o resultado final negativo en - 453.064,66 €

E) Débeda Viva:

A débeda viva do Concello de Barreiros a 31 de decembro de 2019 ascende a **1.615.927,75 €**, o cal supón un **43,10 %** dos ingresos correntes liquidados no exercicio 2019 (3.748.898,45 €), polo que entra dentro do fixado pola lei ó ser inferior ó 75% dos ingresos correntes liquidados no exercicio.

F) Regla do Gasto:

	Liquidación 2018	Presupuesto inicial 2019	Liquidación 2019
Suma capítulos 1-7 de	4.737.577,46	3.689.116,54	4.054.708,41





gasto (excepto 3)			
AXUSTES			
Execución de avais	-468.319,88	-324.006	0
Gastos pendentes de aplicar ó orzamento	+76.967,84		+250.002,84
Gastos financiados polo Estado		-50.132,74	-1014,90
Gastos financiados pola Xunta	-740.072,27	-215.000	-599.139,48
Gastos financiados pola Deputacion	- 241.689,12	-21.000	-250.373,43
Gastos financiados por outras Administracións	-125.206,44	-122.000	-160.949,41
GASTO TOTAL	3.239.257,59	2.956.977,8	3.293.234,03

A normativa permite que o gasto derivado da liquidación do exercicio 2019 aumente un 2,7% en relación ó gasto derivado da liquidación do exercicio 2018, polo que o gasto total permitido segundo a regra do gasto para este exercicio sería de 3.123.265,86 €. Polo que o resultado é **negativo en - 169.968,17 €.**

G) Aforro Neto:

Fai referencia á capacidade de financiación do concello. Si fose negativo o concello precisaría de autorización autonómica para concertar operacións de crédito a longo prazo.

Ingresos correntes (Dereitos recoñecidos netos dos Capítulos I-V)	3.848.335,43	
Axustes		- (avais) 0
		- (Subvencións) - 647.101,26
		- (ingresos atípicos)
(+) Ingresos correntes axustados	3.201.234,17	
Gastos correntes (obrigas recoñecidas netas dos capítulos I, II e IV)	3.459.700,67	
Axustes		+ (conta 413) +158.567,77
		- (gastos afectados)- 647.101,26
(-) Gastos correntes axustados	2.971.167,18	
(-) Anualidade teórica de amortización	347.122,2	
AFORRO NETO (NEGATIVO)	-1117.055,21	

H) Periodo Medio de Pago a provedores:

O PMP do concello neste ano 2019 foi de 47,80 no 1º trimestre, de 61,93 no 2º trimestre, de 101,72 no 3º trimestre e de 122,06 no 4º trimestre, o cal fai unha media anual de 83,37 días. Isto supón un exceso nunha media de 53,37 días con respecto ós 30 días fixados polo Ministerio. Tamén hai que resaltar a línea ascendente do retraso no pago que se seguiu durante este exercicio e que habería que tratar de reducir.

SEGUNDO.- Dar conta desta Resolución no próximo Pleno que se celebre, e remitir unha copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.





TERCEIRO.- Segundo o informado pola secretaría-intervención, o pleno deberá aprobar no prazo máximo dun mes dende a aprobación da liquidación un plan económico-financieiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos da regra de gasto, coa seguinte información:

- a) As causas do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias nas que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos."

5.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EJERCICIO 2020.

O concelleiro de Facenda, Antonio Veiga, expón as seguintes cuestións en relación ó orzamento proposto para o ano 2020:

Este orzamento aprobase no contexto dunha crise económica e sanitaria mundial pero tamén na comarca. Con problemas de desemprego, e non só polo problema de Alcoa, si non polo que foi acontecendo nos últimos anos. Cun avellentamento da poboación moi importante.

Os concellos están abandonados á súa sorte pola Xunta, delegándonos competencias impropias (incendios, covid-19,...) sin aportar fondos suficientes, pero tamén polo Estado, que nunca se plantexou o reparto de fondos doutra maneira.

A situación económica é delicada e limita moito a actuación municipal. O traballo do equipo de goberno á hora de facer estes orzamento vai encamiñado á manter os servizos esenciais. Incrementanse as partidas sociais e dispoñense de máis cartos para a dinamización nas parroquias.

Pola contra, reducense os gastos en publicidade, os gastos protocolarios e os gastos xurídicos, aínda que neste último caso hai gastos pendentes de aprobar pero na actual situación a realidade esixe tomar estas medidas.

Os investimentos inclúen melloras no servizo de subministro de auga e no de saneamento; melloras no alumeadado público, melloras no entorno do Camiño de Santiago, melloras na Escola Infantil e melloras en camiños. Únicamente se prevé a parte que terá que aportar o concello, que se complementará coas subvencións que se concedan por outras administracións públicas.

O cálculo dos ingresos baséanse na liquidación do 2019 e son realistas.

En canto ós gastos, o 42% vai para gastos de persoal; dase máis peso ós gastos relativos ós servizos esenciais; prevese o necesario para facer fronte á débeda existente e reducense as axudas e os gastos en festas, que este ano se van ver moi limitadas polo Covid-19.

O resumo do orzamento por capítulos é o seguinte:

CAPITULO	IMPORTE
I: Gastos de Personal	1.637.397,35
II: Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	1.656.895,16





III: Gastos Financieros	17.000
IV: Transferencias Corrientes	32.290
VI: Inversiones Reales	195.590,49
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	347.123
TOTAL	3.886.296

INGRESOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Impuestos Directos	1.465.800
II: Impuestos Indirectos	75.000
III: Tasas y Otros Ingresos	1.055.800
IV: Transferencias Corrientes	1.283.096
V: Ingresos Patrimoniales	6.600
VI: Enajenación de Inversiones Reales	
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	
TOTAL	3.886.296

Intervén a continuación, o voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, e di que a aprobación dos orzamentos vai con retraso. Anunciouse para febreiro e aínda se traen agora ó pleno, polo que se estivo traballando todo este tempo cos orzamento prorrogados, co cal non sería tan malo.

Vé cousas curiosas tendo en conta as críticas recibidas en anos anteriores:

- os investimentos son moi escasos e a maioría está previsto para gastos realizados en anos anteriores. Outros anos fixéronse investimentos de máis de 1.000.000 de euros. Tamen en camiños se prevían contías máis altas, duns 250.000 €, agora a contía é moi escasa.
- non hai nada previsto para o saneamento da zona interior do concello, que era algo que antes se decía que era indispensable.
- fálase moito das transferencias da Xunta e do Estado, que non son suficientes, pero non se fala nada da autonomía fiscal municipal. Antes decía que o IBI era moi alto pero non e vé ningunha rebaixa, nin tampuco nas taxas.

Levamos varios anos en decadencia das empresas porque houbo un ataque ó empresariado e perderonse moitos ingresos por esta razón.

Botase en falta nos ingresos do IBI os correspondentes a aqueles edificios que deberían estar acabados e que se paralizaron fai dez anos de forma inxustificada. Estes ingresos cambiarían a situación económica do concello nestes momentos.





Para prestar servizos e facer investimentos hai que endebedarse, que foi o que se fixo en anos anteriores.

A continuación intervén a voceira do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, que dí que sigue mantendo que o IBI é moi alto pero é consciente que nesta situación económica e sanitaria non é o momento de modificalo.

Alfonso Fuente, di que, precisamente, nesta situación económica na que se atopan as familias, debería baixarse. A liña do PSOE a nivel estatal será subir os impostos, dicir unha cousas e facer a contraria.

Intervén a alcaldesa e dille ó concelleiro do PP que non sabe si vive no mesmo mundo que o resto. Estivemos tres meses paralizados e fai pouco houbo un rebrote importante. A tramitación dos orzamentos iniciouse en febreiro e paralizouse pola situación sanitaria cando aínda estaba pendente a negociación do Capítulo I, que por outra parte, vostede nunca negociaba.

O orzamento non é o momento nin o vehículo para modificar impostos, si non que eso ten que facerse mediante a aprobación de ordenanzas que non entrarían en vigor ata o ano seguinte.

A caída da construción non foi só en Barreiros, foi xeneralizada, pero despois diso, o anterior equipo de goberno tivo moitos anos para aprobar un plan xeral que permitise facer un urbanismo sostible que tamen xenerase ingresos.

Os investimentos dos que fala foron financiados con avais de entidades privadas, non con fondos municipais. Todo o investimento que se fixo na ETAP, que se recepcionou aprisa e correndo antes das eleccións e resulta que non funcionaba e houbo que facer despois unha serie de gastos importantes na mesma por esta mala xestión.

Nos investimentos que van no orzamento, como xa se dixo, solo están os fondos propios, non as subvencións que se esperan recibir e que antes sí se incluían, de ahí a diferenza.

Agora estanse recolocando os fondos nas necesidades máis urxentes e necesarias para a xente. Estanse xestionando axudas doutras administracións de forma honesta e poñendo por diante o interese dos veciños.

Sométese a votación a proposta de orzamento, que resulta aprobada por seis votos a favor e catro en contra dos concelleiros do PP.

6.- DESIGNACIÓN DE XUÍZ DE PAZ E XUÍZ DE PAZ SUSTITUTO.

Dase conta da proposta de alcaldía que di o seguinte:

_Realizáronse todos os trámites legais para a designación da persoa que vai ocupar o cargo de Xuíz de Paz, así como a persoa substituta, durante os proximos catro anos.





Únicamente houbo dúas solicitudes, a de Marina Abad López e a de Ana López Pérez, que xa eran as dúas persoas que estaban desempeñando estas funcións como titular e suplente, respectivamente.

Considerando que nestes anos anteriores, as dúas desempeñaron satisfactoriamente as súas funcións e non hai máis solicitudes, **PROPONSE Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

Primeiro.- Elexir como Xuíza de Paz para os próximos catro anos a Dona Marina Abad López, que xa ten experiencia neste cargo e sempre o desempeñou de forma satisfactoria.

Segundo.- Elexir como Xuíza de Paz substituta para os próximos catro anos a Dona Ana López Pérez, que tamen viña desempeñando este cargo ata este momento.

Terceiro.- Remitir o expediente completo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o nomeamento das persoas elixidas por este pleno.

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Daniel García, expón o contido da moción de urxencia relativa á incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado.

Sométese a urxencia a aprobación e resulta aprobada por seis votos a favor e catro abstencións dos concelleiros do PP.

O contido da moción é o seguinte:

“Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o **noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado**, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundp consta textualmente na convocatoria, **“contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”**. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais. **(Estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros).**

A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a





interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou **“Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”**

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

2. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.”

No turno de debate prodúcese as seguintes intervencións que se recollen de forma sucinta:

O concelleiro Alfonso Fuente di que o BNG ten un deputado que está apoiando ó goberno de Sanchez, que o plantexa directamente ó Goberno.

O concelleiro Antonio Veiga di que xa se fixo unha proposta non de lei no Parlamento estatal e tamén no de Galicia.

A concelleira do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, di que o PSOE estatal concorda con esto que se está a falar. Hai que facelo por vía parlamentaria. Neste momento fan falta estes cartos.

A alcaldesa, Ana Ermida, di que se insiste na autonomía financeira dos concellos pero esta autonomía queda sin valor por culpa desta lei, para minimizar a débeda do Estado e pagar a crise do goberno central. Non pode volver a pasar isto. Para modificar unha Lei Orgánica non chega cun deputado.

Tamen é importante a flexibilización dos mecanismos de endebedamento. Nestes momentos o concello de Barreiros non se pode endebedar por culpa dunha lei que aprobou o PP.





É importante trasladarlllo á Xunta como goberno galego que debe defender ós concellos galegos que estamos infrafinanciados. Tamen instamos á FEGAMP, onde tamen se tratou todo este asunto.

Sométese a votación a moción que resulta aprobada por unanimidade.

ROGOS E PREGUNTAS.

O concelleiro do grupo municipal do PP, Jose Manuel Gómez, realiza as seguintes preguntas:

- ¿o DESA está no posto de primeiros auxilios?
En calquera caso, roga que o mesmo estea no vehículo de protección civil porque así se faría chegar máis rápido á praia onde se poda producir o problema.
- ¿Qué empresa fixo este ano a limpeza nas praias? Non están moi limpas.
- ¿Vaise amañar a pista de Fixoucos en Cabarcos?
- Habería que colocar un stop en Celeiro, vindo de Fixoucos e chegando ó cemiterio.
- Debería suavizarse a rampa de baixada á praia en Coto.

A concelleira, Montserrat Porteiro, resposta que, o DESA está no posto de primeiros auxilios porque alí é onde está a técnico sanitaria que é a que ten que desprazarse.

As inspectoras sanitarias revisan a calidade das augas pero tamen a situación dos areas e deron a súa conformidade. En caso de que vaian aparecendo plásticos ou residuos, recóllense

A alcaldesa di que a pista de Fixoucos está nas obras adxudicadas e vaise facer agora en setembro.

Tamen aclara que a rampa de Coto foi feita por Costas. Como consecuencia do covid-19 costas non puido facer todas as actuacións que se tiñan solicitadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, e levántase, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día sinalado.

E para constancia do que se tratou e dos acordos que se adoptaron, estendo a presente acta, que asina a alcaldía e que eu, Secretaria, certifico coa miña sinatura, en Barreiros, o 27 de xullo de dous mil vinte.-

Vº e Pr.
A ALCALDESA

A SECRETARIA

